



BASES DE ADMISIÓN NO CURSO GRATUÍTO DE OPERADOR/A DE CARRETILLA ELEVADORA.

1.- Persoas destinatarias.

Poderán presentar solicitude de participación neste curso as persoas interesadas que acrediten o seu empadramento no Concello de Porto do Son.

2.- Solicitudes e prazo de presentación.

As solicitudes de participación nesta acción formativa presentaranse a través do enderezo electrónico: jose.pazo@portodoson.gal

O prazo de presentación de solicitudes comezará o luns día 13 de xuño de 2022 e finalizará o venres día 17 de xuño de 2022. Non se terá por admitida ningunha solicitude presentada antes ou despois de dito prazo.

3.- Documentación.

As persoas interesadas deberán enviar a correspondente folla de inscrición, debidamente cuberta e asinada.

A comprobación da situación de empadramento será realizada de oficio polo Servizo de Orientación Laboral, polo que non é necesario presentar certificado ou volante de empadramento para formalizar a inscrición. Coa presentación da solicitude autorízase dita comprobación.

4.- Selección de participantes.

A selección de participantes farase polo sistema de sorteo, segundo o establecido nas bases xerais de participación nas accións promovidas polo Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son, aprobadas polo Decreto de Alcaldía Nº 163, do 27 de febreiro de 2018.

5.- Número de prazas.

Esta acción formativa conta cun total de 10 prazas.

6.- Datas e Lugar de celebración do curso.

O curso vaise celebrar o venres día 1 de xullo de 2022, en horario de 16.00h a 20.00h, e o sábado 2 de xullo, en horario de 08.30h a 14.30h.

7.- Condicións de superación do curso.

A obtención do carné de operador/a de carretillas elevadoras require a asistencia a todas as xornadas do curso.

Porto do Son, 10 de xuño de 2022.